



BIBLIOGRAFÍA

Continúase neste número, conforme á petición feita na última Asemblea de Socios, a relación de Bibliografía sobre o Museo e o Castro de Viladonga, (agás as noticias ou soltos de prensa periódica), con igual criterio ó empregado no número 1 de CROA e incluíndo xa mesmo as aportacións deste último.



E.G. 0 1 2 3 4 5 cm.

- F.A.V.: «Ampliación e Reforma do Museo», *Croa*, 1, 1991. p. 4-5.
Síntese do proxecto e fins das obras de ampliación do edificio do Museo.
- F.A.V.: «Bibliografía», *Ibidem*, p. 7.
Recollida da bibliografía sobre o Castro e o Museo.
- F. ARIAS VILAS: En *Arqueoloxía. Informes*, 2, 1988 (Santiago 1991), p. 71-75 e p. 275-276.
Resumes dos informes da campaña de excavación de 1988, -corte practica do nas murallas e foxos do lado E.-, e limpeza e consolidación en todo o xacemento.
- F. ARIAS VILAS - M^a C. SANCHEZ MILAO: «El público visitante del Museo de Viladonga (Lugo). Cuatro años de experiencias (1987-1990)», *VIII Jornadas de D.E.A.C. Museos* (Mérida 1991). (no prelo, ed. Min. Cultura).
Estudio sobre o número, procedencia e opinións dos visitantes do Museo nos seus catro primeiros anos de apertura ó público.
- «El Castro y Museo de Viladonga», *Suplemento. Noticiero Turístico* (Xunta de Galicia), nº 23, Abril 1992, p p., (sen numerar).
Información de carácter divulgativo sobre o conxunto de Viladonga.
- F. ARIAS VILAS: «A historia máis antiga de Castro de Rei: Medorras, Castros, Romanos e Valuros», *Castro R. De Lea. Festas 1992*, (Lugo 1992), 9 p. (sen num.)
Recopilación de datos arqueolóxicos e etnográficos da comarca, con mención a Viladonga e o seu entorno, con fins divulgativos.
- «Viladonga, Castro de», en *Tabula Imperii Romani. Hoja K-29*, Madrid 1991, p. 107.
Mención do xacemento, con datos e bibliografía, no repertorio de xeografía histórica da primeira entrega da *TIR* da Península Ibérica.
- F. ARIAS VILAS: «Reforma y ampliación del Museo del Castro de Viladonga (Lugo)», *Revista de Arqueología* (Madrid), 133, Mayo 1992, p. 61-62. (Resume da comunicación seguinte).
- F. ARIAS VILAS: «O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)», Comunicación ó III Coloquio de Museos Galegos (Ourense 1990), publicado en *Coloquios Galegos de Museos*, Vigo 1992, p. 43-54.
Xustificación e explicación do proxecto de reforma e ampliación do Centro, obxetivos e fins das mesma e funcións a cumprir como Museo de sitio.
- J. M. NOVO GÜISÁN: en *Los Pueblos vascos-cantábricos y galaicos en la Antigüedad Tardía*, Alcalá de Henares, 1992, p. 110-111.
Referencia a Viladonga entre os Castros ocupados en época tardorromana, con mención das súas características, achados e significación no contexto histórico.